

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, 25 DE NOVEMBRO DE 2015

LUGAR: Sala de xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 25 de novembro de 2015

HORA DE COMEZO: 11:40 horas

HORA DE REMATE: 13:23 horas

ASISTENTES

Ricardo Cao Abad, Vicerreitor de Investigación e Transferencia e Presidente da Comisión

José Pérez Sestelo, director do SAI

Andrés de Blas Varela

Antonio Paz González

Gerardo Fernández Martínez

José Manuel López Vilariño

José María Aguiar Paz

Julián Yañez Sánchez

Marcos Daniel García Romero

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Andrés Martínez Lage

Soledad Muniategui Lorenzo

O profesor Jordi Delgado escusa a súa asistencia

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe do Director
3. Presentación e aprobación, se proceder, de tarifas 2016
4. Proposta de renovación da Comisión de Usuarios
5. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

A acta apróbase por unanimidade.

Punto 2º. INFORME DO DIRECTOR

O director presenta o informe do ano 2015.

2.1. Informe económico

Á data de peche do exercicio económico, a facturación dos SAI é de uns 420.000€, que é unha cifra moi próxima á do ano 2014. Nesta cantidade non está incluída a facturación dos meses de novembro e decembro. Espérase que a facturación sexa entre os 450 mil e 500 mil euros, que é unha cuantía aproximada aos exercicios de 2011 e 2012.

O número de mostras está en torno a 40.000 mostras, o que supón un aumento con respecto a 2014.

2.2. Persoal

Neste mes incorporouse ao SAI unha técnico de apoio (PTA) da convocatoria do MICINN por un período de 3 anos. O posto de trabalo desta persoa está na UCLA, e vai dar servizo a distintas unidades e ocuparase de tarefas comúns.

Por outra parte, e por acumulación de tarefas administrativas, incorporouse tamén á UCLA unha auxiliar administrativa.

A través do *Plan de Empleo Juvenil* del MICINN, en decembro se incorporará á UAE unha técnico en formación. A persoa seleccionada é unha titulada en Ingeniería de Caminos, Canais e Portos que fixo un mestrado en materiais.

2.3. Equipamento

Continuouse co proceso de instalación e recepción do novo equipamento concedido na convocatoria de infraestructuras 2014.

- Espectrómetro de masas de sector magnético encaixado con cromatografía de gases. Proceso xa rematado.
- Equipo de resonancia magnética nuclear de 400 MHz para mostras líquidas e semi-sólidas. Hoxe asínase a recepción.

2.4. Xestión da calidade

Desde a última comisión de usuarios non hai cambios salientables.

En decembro haberá unha nova auditoría interna para ISO 9001 e ISO 17025, e o ano que ven serán as auditorías externas para o sistema de xestión da calidade (ISO 9001) e para os ensaios acreditados (ISO 17025).

Con respecto as enquisas de satisfacción, o prazo de resposta remata nuns días e o director anima a participar nas mesmas.

2.5. Oferta formativa

Desde a última comisión realizáronse dous novos cursos.

1. Prevención de riscos no laboratorio.

2. Actualizacións en bioloxía molecular: ChIP, ChIP-seq e metodoloxías para a análise da expresión xénica.

O director informa que púxose en contacto co Dr. Antonio Llamas Sainz, técnico superior de Raios X da USC, para que imparta un curso nos SAI sobre difracción de raios X de monocristal, que está organizado co propósito de mellorar a formación dos técnicos da unidade de análise estrutural pero no que tamén poderán participar investigadores da UDC e público en xeral.

Ademais para o vindeiro ano 2016 é necesario preparar unha nova oferta de formación, coa que se quere cubrir a formación dos técnicos e a formación dos usuarios e investigadores.

Punto 3º. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDER, DE TARIFAS 2016

Como outros anos preséntase a revisión das tarifas para o ano 2016 para ser aprobadas na reunión do Consello Social do 16 de decembro de 2015. Nesta revisión faise unha actualización das tarifas e actualízase a oferta de servizos dos SAI.

O director indica que o criterio no establecemento das tarifas tipo A é cubrir o custo dos funxibles, e así o comunicou aos técnicos superiores das unidades. Tamén informa que as tarifas tipo A non se actualizan desde o ano 2012.

3.1. UAE

Se incorporan 2 ensaios novos:

1. Cuantificación de fases cristalinas.
2. Porosimetría de mercurio. É un equipo cedido pola Escola de Arquitectura Técnica.

Proponse unha actualización das tarifas dun 2%. Agora mesmo as tarifas con moi competitivas xa que non se cobren costes, e esa pequena suba permitirá unha actualización progresiva das tarifas.

3.2. UBM

Ofértanse novos ensaios como resposta ás demandas dos usuarios. Esta unidade mantén os prezos dos ensaios, e por último comenta que en el caso dos ensaios en que o usuario proporciona todos os reactivos, estas determinacións non se cobran.

3.3. UEPM

A tarifa das análises con ablación láser actualízanse un 10% polo deterioro de láser durante o seu uso.

Tamén se actualiza a tarifa de HPLC-ICP-MS e o resto das tarifas súbense un 2%.

Soledad Muniategui comenta que a subida da tarifa de HPLC-ICP-MS lle parece desproporcionada e solicita a súa revisión, e por outra parte solicita que se aclare o texto das tarifas 311 e 312 xa que resultan un pouco confusas.

3.4. UEM

Propónse un incremento do 2%

Soledad Muniategui comenta que lle parece que non hai unha correspondencia entre as tarifas de IR e as de RMN, xa que estas últimas son máis reducidas.

O director comenta que co novo equipamento redúcese o consumo de líquidos crioxénicos.

Se establece un diálogo sobre como se elaboran as tarifas no que interveñen Soledad Muniategui, José Manuel López Vilariño, Andrés de Blas e o director do SAI.

3.5. UTC

Gerardo Fernández Martínez, técnico superior da unidade, fai a presentación das tarifas. Explica que non hai unha subida lineal das tarifas, se non que hai subidas e algún axuste.

Con respecto ás tarifas uso de instrumento sen preparación de mostras, as tarifas actuais son moi baixas e o prezo dos disolventes son mais altos, como os de LCMS, pero para compensar a subida melloráronse as analíticas para baixar os tempos de análise.

Con respecto as analíticas completas, algunhas tarifas se axustan cos cambios de disolventes e tempos de análise e tamén se adaptan ao mercado. Outras se manteñen e se elimina a determinación de compostos orgánicos por desorción térmica.

3.6. UTIA

As tarifas actualízanse nun 2%.

Incorpórase a tarifa de GC-C-espectrometría de masas de relacións isotópicas.

3.7. UAA

As tarifas actualízanse nun 2%.

Está pendente trasladar os datos actualizados da UTC nos códigos 84 “compostos orgánicos”.

3.8. UXEO

As tarifas actualízanse nun 2%.

Julián Yañez comenta que nos documentos trasladados aos membros da comisión faltan as tarifas da unidade de microscopía e que se debe a que as tarifas non sufriron cambios, xa que o gasto de funxibles está cuberto e tamén se queren manter ao mesmo nivel que as de outras universidades do SUG.

Punto 4º. PROPOSTA DE RENOVACIÓN DA COMISIÓN DE USUARIOS

Neste punto débátese o documento de proposta de renovación enviado xunto coa convocatoria de reunión.

O debate iníciase cunha reflexión de Andrés de Blas sobre se é o mellor momento para elaborar o procedemento de renovación da comisión xa que se está en pleno proceso electoral.

O Director indica que esta proposta foi elaborada e presentada para cumprir co encargo recibido da comisión de usuarios na anterior reunión.

Tras un intercambio de impresións entre os membros da comisión, o Vicerreitor expón que a nova proposta quere adaptarse ao que se recolle no regulamento dos SAI, e propón a seu debate. A maioría dos membros acordan debater a proposta.

No debate interveñen varios membros da comisión e os temas que se tratan son:

- Andrés de Blas solicita que na proposta se especifique mellor a quen se vai convocar: ao usuario ou ao autorizado, directores de grupo, profesores usuarios. Neste punto: os elixibles serían tanto os directores de grupo, os usuarios principais e os autorizados e se creará unha lista de elixibles a modo de censo. Os elixibles deben estar autorizados por o director do grupo ou pola comisión da área.

- Julián Yañez considera que na proposta débese indicar quen pode ser membro: persoas adscritas á UDC, empresas, etc.
- Soledad Muniategui pregunta cantas unidades hai na actualidade e son 9 unidades técnicas: UAA, UAE, UBM, UEM, UEPM, UM, UTIA, UTC e UXEO.

José Manuel López Vilariño comenta que el cree que o enfoque da comisión de usuarios mudou ao longo do tempo e máis que traballar para os SAI, tal e como el cre que se recolle o regulamento, o representante trata de defender os intereses de cada área ou departamento. Se establece un diálogo sobre ese punto.

Finalmente se recolle as suxestións de Andrés de Blas e Julián Yañez sobre os membros da comisión e se soamente poden ser adscritos á Universidade ou tamén poden ser usuarios externos. Neste punto Gerardo Fernández cree que pode ser bo contar coa presenza dalgún usuario externo (Tipo B ou C) para ter un punto de vista alleo á Universidade.

Punto 5º. ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Vicerreitor comenta que esta é a súa última Comisión de Usuarios e agradece o traballo realizado.

Todos os membros da Comisión mostran o seu agradecemento ao vicerreitor.

Sen máis preguntas levántase a sesión ás 13:23 h.

A secretaria

Visto e prace
O director do SAI

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Jose Pérez Sestelo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ref. SAI: 2015/1664

Asunto: Proposta de renovación da Comisión de Usuarios do SAI

Para a renovación da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio a Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, esta Dirección propón, de acordo co vicerreitor de Investigación e Transferencia, a aplicación do regulamento vixente (adxunto).

Segundo o artigo 7 do Título II: estrutura e xestión do Regulamento dos SAI, a Comisión de Usuarios está formada por:

- O vicerreitor de Investigación e Transferencia que a preside
- O director dos SAI
- Tres representantes do persoal laboral
- Polo menos un representante dos usuarios de cada unidade

Para a elección do representante de cada unidade, a Dirección propón convocar unha reunión por unidade cos 5 usuarios tipo A máis frecuentes da mesma, atendendo a número de mostras e facturación. Na devandita reunión elixirase por votación o representante de cada unidade por un período máximo de catro anos, ao termo dos cales se repetirá o proceso para a súa renovación.

Unha vez elixidos os representantes por unidade e, de acordo co regulamento vixente, que di "*Ademais, garantírase a representatividade das distintas áreas de coñecemento usuarias dos servizos e dos distintos campus da UDC*", a dirección poderá propoñer por iniciativa propia ou previa solicitude, á Comisión de Usuarios a incorporación dun representante de usuarios dunha Área ou Centro non representado na comisión. Dita incorporación deberá ser aprobada pola Comisión de Usuarios.

Finalmente, e de acordo co regulamento, o director dos SAI propoñerá o nomeamento dos representantes elixidos á *Comisión de Investigación* da Universidade.

A Coruña, 18 de novembro de 2015

O director SAI



José Pérez Sestelo

Visto e Prace
O vicerreitor de Investigación e
Transferencia



Ricardo Cao Abad